



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, a catorce de xullo de dous mil dezaseis, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o dito cargo por Decreto 124/2015, do 4 de outubro, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo; e tamén polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril do 1991).

Doutra parte, -----, co DNI -----, actuando en nome e representación da Federación Galega de Comercio, na súa calidade de presidente en virtude das facultadas emanadas do artigo 28 dos Estatutos, aprobados en Asemblea Xeral celebrada o 27 de setembro de 1993.

Os comparecentes, na representación que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración, e en consecuencia,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en adiante, a consellería, segundo o artigo 1º do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015), é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e promoción do sector comercial retallista, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas pola Federación Galega de Comercio para acadar o nivel de competitividade desexable cara o mercado interior e que incida no seu maior desenvolvemento.

A consellería é consciente da problemática que incide no tráfico mercantil, e especialmente no ámbito do comercio polo miúdo, particularmente na actual coxuntura de crise económica. En relación con isto, os obxectivos da Dirección Xeral de Comercio inciden, por unha banda, nas actividades dirixidas á axeitación e mellora dos equipamentos comerciais de uso colectivo, fundamentalmente mercados retallistas e rúas e zonas peonís-comerciais, actuacións nos eixes comerciais como puntos neuráxicos arredor dos que xira o tráfico mercantil máis representativo, así como diversas actuacións dinamizadoras do pequeno comercio en centros urbanos a través das asociacións sectoriais, por outra, recóllense actuacións de promoción e fomento daquelas estratexias no sector da distribución comercial que incidan na dinamización das estruturas comerciais, modernizándoas e mellorando a súa xestión, e favorezan o seu vertebramento.



En especial, a Administración apoiará ó pequeno comercio para que venda os seus produtos en internet, como alternativa que se sume á oferta das tendas físicas, nun ámbito no que o comercio electrónico está en auxe, apuntando os últimos datos a un crecemento do 22,5%. As novas tecnoloxías da información e da comunicación teñen un papel fundamental na sociedade actual e na súa vida cotiá e o sector comercial ten que estar preparado para esta oportunidade de crecemento.

Os hábitos de compra están a cambiar a un ritmo vertixinoso, especialmente entre a poboación comprendida entre os 25 e os 44 anos. O comercio electrónico ofrece a posibilidade de abrir o negocio as 24 horas do día e 365 días ó ano e de acceder a un mercado máis amplo, chegando a compradores que doutro xeito nunca sería posible acceder. O 70% dos fogares xa conta con acceso a internet e o 31'5% da poboación realizou algunha compra online no último ano, datos que seguen a medrar. O comercio minorista non pode quedarse atrás á hora de rendabilizar a flexibilidade, a adaptabilidade e a rapidez nas transaccións, entre as múltiples vantaxes que permite esta nova canle nos negocios.

No orzamento de gastos para o exercicio 2016 inclúese a aplicación 09.30.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos pemes comerciais", coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais". De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

SEGUNDO. A Federación Galega de Comercio, no sucesivo, a federación, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ó que a súa denominación e fins se contraen, e entre outros, a representación, defensa e promoción dos intereses do comercio retalista, así como formular propostas e ser interlocutores perante a administración en todas aquelas accións, reformas ou medidas tendentes ó desenvolvemento, mellora e regulamento das actividades empresariais do comercio.

Neste senso, a posta en marcha de distintas actividades relacionadas directamente coa información, formación e promoción do comercio (e en especial do comercio electrónico), así como a profesionalización da xestión dos clientes como eixos fundamentais de actuación, amósanse axeitadas perante a situación que vive este colectivo, que demanda un decidido apoio na consecución dunha maior concorrència fronte a outras estruturas comerciais, e onde as administracións públicas teñen que xogar un papel relevante. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública porque as accións, obxecto deste convenio, realízanse pola propia Federación.

TERCEIRO. Con carácter previo á sinatura deste convenio, a federación acreditou a concorrència ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, dacordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

Por todo iso, as partes consideran que a mellora da competitividade do comercio polo miúdo precisa, entre outros, dunha posta en valor dos recursos con que se conta para favorecer o



desenvolvemento comercial, implementado as accións no ámbito do comercio de información-promoción, nas que se amosan, especialmente, as vantaxes competitivas do pequeno comercio de proximidade e dado o interese coincidente da consellería e da federación, acordan a formalización dun convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e a federación, para a realización de accións de información-promoción no comercio retalista, que a continuación se especifican cun orzamento total de **catrocentos oitenta mil euros (480.000,00 €), IVE engadido.**

En execución do presente convenio realizaranse as seguintes actuacións cos custos que se recollen no Anexo e dacordo co seguinte desglose:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
1. Línea 900 gratuita de Asesoramento e Información ó sector comercial. Fomento do emprendemento.	270.000,00.- euros.
2. Campaña de dinamización do consumo en vilas galegas.	80.000,00.- euros.
3. Fomento e implantación de novas tecnoloxías para modernizar e profesionalizar a xestión de clientes no comercio de Galicia: Plataforma Tecnolóxica de Xestión de Clientes.	80.000,00.- euros
4.- Distincións honoríficas ó comercio. Talleres de innovación, emprendemento, renovación e consolidación comercial. Experiencias de éxito no pequeno comercio.	50.000,00.- euros
Total.....	480.000,00.- euros

SEGUNDA. A consellería achegará a cantidade de **catrocentos trinta e dous mil euros (432.000,00 €), IVE engadido**, con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.781.1 “Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais” do orzamento de gastos para o ano 2016.

TERCEIRA. A federación comprométese a executar as actuacións previstas e a especificar a colaboración da consellería en toda a documentación que delas se deriven, así como a financiar o resto do orzamento na cantidade de **corenta e oito mil euros (48.000,00 €).**

Debido a que as actuacións obxecto do convenio van a implicar que a federación beneficiaria leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada por parte da Dirección Xeral de Comercio sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto. Esta previsión será comprobada polo órgano xestor no momento da xustificación de cada unha das actividades e gastos incorridos con carácter previo a efectuar os pagos a conta, sen prexuízo de aplicar o disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, tal e como se establece na cláusula quinta do presente convenio.



A subcontratación das actividades subvencionadas poderá alcanzar o 100% e regularanse polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 b) do TRLCSP para ser poder adxudicador.

CUARTA. A aportación da consellería para a realización das actividades obxecto deste convenio é compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

QUINTA. O libramento da aportación pola consellería levarase a cabo unha vez que a Federación acredite, mediante certificación expedida polo órgano competente, a realización das accións, e relación certificada de gastos, acompañada de relación nominativa de facturas agrupadas por cada unha das actuacións desenvolvidas coa conformidade da Dirección Xeral de Comercio, antes do 3 de decembro de 2016.

As facturas e documentos xustificativos dos gastos deberán achegarse acompañados dos xustificantes de pagamento dacordo co que dispón o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor (os de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos), a Federación deberá achegar a documentación relativa á solicitude de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realízase con anterioridade á solicitude da subvención; todo elo de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, modificado pola Lei 12/2011 do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando no recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia, a Federación deberá acreditar a concorrencia ou non con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

A aportación da consellería minorarase porcentualmente no caso de que a Federación non xustifique o orzamento total que figura na cláusula primeira.

Para facer efectivo o devandito libramento, cómpre que pola federación se presenten certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.



A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio. Por outra banda, a federación queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

SEXTA. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

Así mesmo, toda alteración das devanditas condicións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación das cantidades establecidas na cláusula segunda deste convenio.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA. A federación presta o seu consentimento á consellería para que, dacordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

OITAVA.- Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2016. Así mesmo, quedan incluídas as accións



desenvolvidas dende o mes de xaneiro do ano 2016 ata o 30 de novembro de 2016, e que se correspondan co obxecto deste convenio. Non se contempla a posibilidade de prórroga.

NOVENA.- A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguemento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. A citada comisión estará presidida por un dos representantes da consellería.

O funcionamento da comisión de seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, do capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación. Non obstante, se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio rexerase, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á Consellería a prerrogativa de interpretación deste convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativos.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

Pola Xunta de Galicia
O conselleiro de Economía, Emprego
e Industria

Pola Federación galega de Comercio
O presidente

Francisco José Conde López



ANEXO

O custo total estimado das actuacións obxecto do convenio ascende **catrocentos oitenta mil euros (480.000,00 €)**, desglosado nos seguintes conceptos:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
1. Línea 900 gratuita de Asesoramento e Información ó sector comercial. Fomento do emprendemento.	270.000,00.- euros.
2. Campaña de dinamización do consumo en vilas galegas.	80.000,00.- euros.
3. Fomento e implantación de novas tecnoloxías para modernizar e profesionalizar a xestión de clientes no comercio de Galicia: Plataforma Tecnolóxica de Xestión de Clientes.	80.000,00.- euros
4.- Distincións honoríficas ó comercio. Talleres de innovación, emprendemento, renovación e consolidación comercial. Experiencias de éxito no pequeno comercio.	50.000,00.- euros
Total.....	480.000,00.- euros

1. Liña 900 gratuita de Asesoramento e Información ó sector comercial. Fomento do emprendemento..... 270.000,00 €.

Manter na organización representativa do sector (xaneiro – novembro 2016) a través da denominada Liña 900 gratuita de asesoramento e información. Fomento do emprendemento, un Gabinete de Asistencia Técnica gratuito ó comercio galego. Manterase persoal técnico cualificado para o desempeño exclusivo das funcións de orientación, asesoramento e información ás estruturas asociativas comerciais e demais entidades de comercio existentes no noso ámbito xeográfico.

En especial, este servizo de liña 900 gratuito ten como obxectivos principais apoiar o coñecemento polo comerciante dos programas e liñas de axuda promovidas pola administración, en especial a autonómica, así como as distintas ferramentas que ten ó seu dispor o comerciante e os emprendedores do sector do comercio polo miúdo.

A liña 900 gratuita sustánciase nun mantemento do asesoramento e información ó sector comercial e o fomento do emprendemento ao longo da vixencia do presente convenio, empregando ferramentas tales como unha liña telefónica gratuita, que se concreta na liña 900 103 087 de acceso a todos os comerciantes da comunidade galega que poidan requirir os servizos descritos con anterioridade. Así mesmo, empregarase para o bó desenrolo da liña 900 as novas tecnoloxías de comunicación de uso cotiá como son o e-mail, mensaxes e a web corporativa da federación e as súas ferramentas, así como o correo ordinario e a mensaxería.

Con esta liña gratuita 900 103 087 facilítase o achegamento do comercio á administración e ós seus programas de apoio ó sector a través da organización representativa do sector do



comercio galego. Todo elo canalizado dunha maneira cualificada, profesional, sinxela e gratuíta para o comercio galego.

Os custos contemplados dentro de este servizo son os seguintes:

- Custos de persoal da Federación Galega de Comercio adicados ao Gabinete de asistencia liña 900 (custos salariais -líquido, retencións máis a Seguridade Social-).

● *O orzamento destes custos acada un importe de 240.000 euros (ive engadido).*

- Custos de difusión e promoción do Servizo.
 - Xornadas específicas informativas dirixidas á difusión e coñecemento da liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información ó sector comercial. Fomento do emprendemento e o seu Gabinete de Asistencia Técnica, como os servizos vencellados ó seu gabinete de Asistencia Técnica ó comercio galego, así como os programas dirixidos ó comercio e ás súas asociacións: ciclo de xornadas informativas. O obxectivo é fomentar o coñecemento por parte dos comerciantes e das asociacións das ferramentas que a Consellería de Economía, Emprego e Industria – Dirección Xeral de Comercio, e a Federación Galega de Comercio poñen ó seu dispor, incentivando que fagan uso delas. Dentro das actuacións inclúense os gastos de deseño e edición de material promocional das xornadas, asistencia técnica e presentación con medios audiovisuais, os gastos de aluguer dos salóns, material para os participantes, e gastos derivados da divulgación-publicidade e organización de seminarios.
 - Liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información ó sector comercial. Fomento do emprendemento e o seu Gabinete de Asistencia Técnica: Publicidade xenérica en medios de comunicación.
 - Gastos correntes da Oficina da liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información ó sector comercial. Fomento do emprendemento e o seu Gabinete de Asistencia Técnica: Publicidade xenérica en medios de comunicación. Aluguer de equipos informáticos e periféricos hardware e software, pólizas de seguros, fotocopiadora, audiovisuais e mobiliario para o correcto desenvolvemento da liña 900 e o seu Gabinete. Gastos derivados do funcionamento do Gabinete de Asistencia Técnica: gastos correntes en bens e servizos (alugamento vehículos, gastos de administración xeral e material funxible de oficina e ofimática, gastos correo e mensaxería, gastos de limpeza, gastos de asesoramento, mantemento marcas da asociación, de auditoría, subscrición a prensa, gastos derivados da administración de auga, comunidade, electricidade, telefonía/fax, mantemento da páxina web corporativa).

● *O orzamento de estos custos supón un importe de 30.000 euros (ive engadido)*

2. Campaña de dinamización do consumo no comercio polo miúdo en catro vilas galegas..... 80.000,00 €.



A dinámica da campaña abrangue as seguintes actividades en todas e en cada unha das catro localidades onde se desenvolve a Campaña.

- Dinamización nas rúas con azafatas e promotores. Implantación dun punto de dinamización e de información fixo.
- Instalación dunha carpa de 100 m² para a celebración do sorteo e as actividades programadas para o día no que remata a campaña en cada unha das localidades.
- Dotación de contidos da carpa de 100 m². Medios audiovisuais/megafonía e informáticos. Rotulación da carpa e o seu acondicionamento: rollers, sinalética, lonas, cartón pluma.
- Actuacións musicais e de animación dentro da carpa o día de remate da campaña en cada localidade: animación polas rúas, maxia, música.
- Medios humanos: Coordinador xeral, presentador e técnicos.
- Mobles e decoración do stand/local e ornamentación floral.
- Instalación dunha jaima de 25m² nas localidades e días en que se promocioe a campaña. Medios audiovisuais/megafonía e informáticos. . Rotulación da carpa e o seu acondicionamento: rollers, sinalética, lonas, cartón pluma.
- Imaxe corporativa da campaña.
- Vixiancia e seguridade. Contratación de empresa de seguridade para a vixiancia dos elementos móbiles e inmóbiles pertencentes á campaña.
- Material promocional da campaña: Cartelería, boletos, tarxetas, portatrípticos e trípticos.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Reportaxe publicitario en prensa e/ou audiovisual e cobertura mediática da campaña.

● *O orzamento total da campaña ten un importe de 80.000 euros (ive engadido), que se concreta en catro actuacións individualizadas en vilas galegas, e cun importe por actuación de 20.000,00 €.*

3.- Fomento e implantación de novas tecnoloxías para modernizar e profesionalizar a xestión de clientes no comercio de Galicia: Plataforma Tecnolóxica de Xestión de Clientes..... 80.000 €

- **Mantemento evolutivo de aplicativos e servizos Plataforma Tecnolóxica:**
 - Aplicativos de xestión de clientes.
 - Sistemas de Facturación e liquidación.
 - Aplicacións eLearning.
 - Xestores de contidos.
 - Tarxetas de fidelización de usuarios.
 - Apps mobilidade mantemento
 - Ferramentas de Business Intelligence.
 - Servizos web de integración.
 - Servizos tcp/ip.
 - Aplicativos software tpv.
 - Interactuacións promocionais especiais con códigos QR ou alternativos.



- Posicionamento.
 - Accións SEO, SEM:
 1. Robots.txt.
 2. XML sitemaps.
 3. Indexación (Html, markup, meta etiquetas, outlinks, meta descriptions, etc.).
 4. Linking strategies .
 - Monitorización (ex. google analytics, Alexa rank).
 - Traffic management.
- **Persoal contratado mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custes salariais, líquido, retencións á SS). As tarefas a realizar son as seguintes:**
 - Xestión administrativa:
 - Alta e mantemento de comercios.
 - Alta e mantemento de clientes.
 - Facturación e liquidación mensual, xestión de remesas bancarias, contabilidade.
 - Xestión de contidos:
 - Publicación circulares, normativas e novidades de interese para o comerciante.
 - Newsletters.
 - Manuais de usuario e procedementos.
 - Xestión de redes sociais (Facebook, twitter, pinterest, google+...):
 - Perfís.
 - Seguidores, control de trolls.
 - Soporte técnico:
 - Técnicos de sistemas.
 - Mantemento evolutivo.
 - Soporte Técnico:
 - nivel 1: Atención básica, información.
 - nivel 2: Xestión de incidencias (reclamacións, perdas de servizo, etc.).
 - nivel 3: Xestión do soporte do fabricante/proveedor (SLAs).
 - Instalacións/posta en marcha: Preparación de aplicativos e instalación dos elementos do “Welcome pack” no comercio, e formación básica.
 - Comercial, Marketing e comunicacións:
 - Acción comercial, captación de comercios: Deseño Plan comercial, obxectivos, execución e seguemento.
 - Captación de colectivos, xestión de acordos
 - Deseño de pezas
 - Comunicación:
 - marketing viral.
 - promocións.
 - comunicacións segmentadas .
 - emailing HTML, sms.
 - Newsletters.



- outras (redes sociais, páxinas webs, prensa...).
 - Análise efectividade, retroalimentación.
- **Mantemento e xestión e-commerce:**
 - Xornadas de difusión para o coñecemento dos sistemas ecommerce co obxectivo de incorporar establecementos virtuais ó portal de comercio electrónico. Soportes promocionais e publicitarios en medios físicos ou virtuais, dípticos informativos.
 - Xestión do Portal online de venda electrónica, mantemento evolutivo.
 - Xestión dos datos: comercios, produtos, categorías, combinacións, atributos, etc.
 - Xestión loxística centralizada: coordinación pedidos, atención ó comerciante e ó consumidor.
 - Xestión centralizada de cobros: Pagos con tarxeta, paypal, transferencias, contrareembolso.
 - Liquidación ós comercios. Facturación.
 - Asesoramento en explotación venda online:
 - Asesoramento en imaxe e información do produto.
 - Uso de etiquetas, palabras chave.
 - Aproveitamento de redes sociais para a venda online.
 - Desenvolvemento de novas capacidades:
 - Integracións con outros sistemas (web services)
 - Modificacións orientadas á usabilidade de comercios.
 - Listados, informes persoalizados.
 - Social media.

Desglose dos custes:

Mantemento evolutivo aplicativos e servizos plataforma: 25.600€

Servizos plataforma tecnolóxica: 17.600€

Posicionamento 8.000€

Persoal mercantil e/ou laboral: 28.960€.

Xestión administrativa: 1.950€

Xestión de contidos: 3.510€

Soporte técnico: 5.600€

Comercial, marketing e comunicación: 17.900€

Mantemento e Xestión e-commerce: 25.440€

Xornadas de difusión: 6.590€

Xestión do portal on-line: 2.600€

Xestión dos datos: 2.600€

Xestión loxística centralizada: 1.950€

Xestión centralizada de cobros: 1.950€

Liquidación ós comercios: 1.950€

Asesoramento en explotación de vendas on-line: 3.900€

Desenvolvemento de novas capacidades: 3.900€

● O orzamento total da campaña ten un importe de 80.000€ (ive engadido)

4.- “Distincións honoríficas ó comercio”. “Talleres” de innovación, emprendemento, renovación e consolidación comercial. Experiencias de éxito no pequeno comercio
..... **50.000 €**

A Federación Galega de Comercio organizará a celebración de como mínimo catro actos de “Distincións honoríficas” nos que se fará un recoñecemento ó comercio, a través das súas correspondentes “Distincións honoríficas”. Así mesmo, organizaráse catro “Talleres” que servirán de encontro do sector comercial galego. O obxectivo das “Distincións honoríficas” é premiar ós comercios galegos que se distingan pola súa traxectoria entre outros, e dos catro “Talleres” é o desenvolvemento de experiencias que amosen fórmulas comerciais exitosas, baseadas na innovación, o emprendemento e as novas tecnoloxías aplicadas ós establecementos comerciais.

4.a. As “Distincións honoríficas” levaráanse a cabo como mínimo en catro localidades da xeografía galega implicando ás asociacións de comercio locais, territoriais, CCAs, e sectoriais das catro provincias galegas e así mesmo a comerciantes e profesionais en xeral do comercio galego. Os catro actos [como mínimo] de “Distincións honoríficas” realizaranse a partir do primeiro trimestre do ano en curso e en prazo de vixencia do presente convenio.

En cada un dos catro actos a desenrolar distinguírase un mínimo de vinte comercios ou empresas comerciais con longa e/ou prestixiosa actividade comercial. Polo tanto, distinguírase a un mínimo de oitenta comercios ou empresas comerciais das catro provincias galegas.

As “Distincións honoríficas” perseguen o recoñecemento e posta en valor do comercio polo miúdo da comunidade galega.

O formato da distribución do pequeno comercio é fundamental para desenrolar unha actividade empresarial equilibrada nas distintas localidades da nosa xeografía. O comercio e os seus comerciantes vertebran e manteñen en clave positiva a economía das nosas vilas, polo tanto é fundamental recoñecer e distinguir a súa labor.

A antigüidade, a renovación, a adaptación e o mantemento do comercio polo miúdo na estrutura empresarial das vilas galegas serán criterios a destacar para a concesión das “Distincións honoríficas” en cada unha das catro vilas galegas nas que se levarán a cabo os actos.

Os custes nos que se incurrirá á hora de organizar estes actos das oitenta “Distincións honoríficas” abranguen as seguintes accións en cada un dos actos.

- Aluguer de salóns e sala de prensa, e gastos vencellados.
- Distincións [un mínimo de vinte distincións por cada un dos catro actos].
- Papelería. Documentación asistentes. Merchandising.



- Imaxe corporativa. Roller, video montaxe, lonas, cartón pluma.
- Asistencia técnica. Secretaría Técnica/Dirección do evento. Presentador/es. Protocolo. Azafatos/as.
- Medios audiovisuais, técnicos e informáticos.
- Presentación oficial ós medios: prensa e divulgación.
- Cobertura en Publicidade/promoción en prensa escrita e audiovisual

● *4a. O orzamento destas “Distincións honoríficas ” ten un importe de 40.000 euros (ive engadido).*

4.b. Os “Talleres” aportarán novos aspectos do mundo do emprendedor no sector comercial minorista, a diferenciación a través da innovación e a creatividade tecnolóxica e o emprego de novas canles de promoción e venda e temas coma os seguintes. Os catro Talleres terán lugar un por provincia a partir do primeiro trimestre do ano en curso e en prazo de vixencia do presente convenio

- Contribución a conta de resultados. Financiamento.
- Novos hábitos de compra. Fluxos de clientes.
- Novo modelo de negocio e novas estratexias de relación co cliente.
- Coñecemento do cliente. Novo perfil do consumidor.
- Canles de distribución: canal móbil e internet. Pagos e procesos dixitais.
- Emprendemento, competitividade, diferenciación, crecemento.
- Novo comercio, deseño, marca, novos servizos, Promos personalizadas. Fidelización.
- Redes sociais.

Os custes de esta actividade se desagregan nas seguintes accións:

- Organización e medios técnicos das xornadas.
- Contratación de persoal.
- Aluguer de salas e gastos vencellados.
- Edición de material e sinalización. Cartelería e Rollers.
- Documentación de asistentes: Papelería, usb.
- Imaxe corporativa.
- Promoción e divulgación.
- Publicidade en prensa escrita e audiovisual.
- Dossieres de prensa.
- Reportaxe.

● *O orzamento destes “Talleres” teñen un importe de 10.000 euros (ive engadido).*